

## **CONCELLO DA LARACHA**

### **SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 28 DE MARZO DO ANO 2019**

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 28 de marzo do ano 2019, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

**JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA**

**CONCELLEIROS**

Grupo político municipal P.P.

**JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO**

**JESÚS SOUTO PENA**

**RAMIRO BELLO RECOUSO**

**ALBERTO FUENTES PREGO**

**PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO**

**MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY**

**CRISTINA VIEITES CALVO**

**ADELINA LISTE MONELOS**

**ANTONIO FRAGA BOLÓN**

**ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS**

**JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA**

Grupo político municipal B.N.G.

**XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ**

**CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN**

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

**JUAN CAAMAÑO REGUEIRA**

Grupo político municipal Mixto

**ANTONIO ANTELO AÑÓN**

Non asisten: **ELADIO VERDÍA GARCÍA**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto. Asiste o Interventor municipal Manuel Martínez Varela

**Antes do inicio da sesión celébrase un minuto de silencio polas mulleres vítimas de violencia de xénero**

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 31.1.2019**

Non habendo intervencións, enténdense aprobada a acta por unanimidade

## **2.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA**

Dase conta dos decretos de alcaldía do 41/2019 de 28.01.2019 ata o 185/2019 de 15.03.2019. non hai intervencións

## **3.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR**

Dase lectura ao Ditame por parte da Secretaria municipal

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2019.**

**A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 22 de marzo de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR.**

A Secretaria da lectura á

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE XUÍZ DE PAZ**

O día 25 de xaneiro de 2018 publicouse no BOP nº 18 a convocatoria a elección xuíz de paz

Transcorrido o prazo de 15 días hábiles contados dende a publicación do anuncio e examinadas as instancias presentadas polos interesados/as, admítense todos/a definitivamente por non existir causa de exclusión

**ADMITIDOS/AS DEFINITIVOS**

Barreira Varela Fátima	54150237A
Gracia Pedreira María Luz	79315024F
López Zas María Inés	79310304W
Caamaño Rodríguez María Cristina	34891416W
Espiñeira Esmorís Estela María	79333642H

Para establecer un criterio terase en conta a antigüedade no posto ou similar, a formación e cursos relacionados co posto de traballo nos últimos tres anos.

### 1. Méritos a valorar:

- a. Fátima Barreira Varela
  - i. Antigüedade: non acredita
  - ii. Formación: ultimo ano de grao en dereito
  - iii. Formación nos últimos tres anos: consta asistencia a congresos e seminarios pero non a ningún curso de formación.
- b. María Cristina Caamaño Rodríguez:
  - i. Antigüedade: non acredita
  - ii. Formación: Bachiller
  - iii. Formación nos ultimos tres anos:
- c. María Inés López Zas:
  - i. Antigüedade: 4 anos como Xuiz substituta do Concello da Laracha
  - ii. Formación: Título de Técnico especialista
  - iii. Formación nos últimos tres anos: non acredita

- d. Estela María Espiñeira Esmorís:
  - i. Antigüidade: consta na documentación municipal 4 anos como Xuíz de Paz do Concello da Laracha
  - ii. Formación: Licenciada en Administración e Dirección de empresas
- e. María Luz garcía Pedreira:
  - i. Antigüidade: non acredita
  - ii. Formación; Enxenería Técnica Agrícola
  - iii. Formación nos últimos tres anos: non acredita

Á vista do anterior e tendo en conta que Estela María Espiñeira Esmorís é para o alcalde a mais cualificada para o posto de Xuíz de paz PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN\_

1º.- Nomear a Estela María Espiñeira Esmorís con DNI nº 79333642H como Xuíz de paz do concello da Laracha

2º.- Dar conta deste nomeamento ao tribunal superior de Xustiza de Galicia”

Rematada a lectura sométese a votación o Ditame resultando aprobado por unanimidade sen intervencións

#### **4- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL DO CONCELLO DA LARACHA**

Dase lectura ao Ditame da Comisión Informativa por parte da Secretaria municipal

#### **“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2019 DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL DO CONCELLO DA LARACHA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 22 de marzo de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

O Xefe da Policía Local do Concello da Laracha elevou a seguinte proposta:

#### **“ASUNTO: Modificación da Ordenanza Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria do Concello da Laracha**

Como consecuencia da ampliación da zona de estacionamento con horario limitado na Zona Azul, necesítase modificar a Ordenanza Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria do Concello da Laracha, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2014, e publicada a aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 121, de data 27 de xuño de 2014.

Os artigos da ordenanza a modificar serían e quedarían redactados da seguinte maneira, indicando en cursiva ditas modificacións:

#### **Artigo 35.- Ámbito de aplicación das limitacións de Zona Azul.**

1.- Ao abeiro do previsto no artigo 7.b) do Texto articulado sobre da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial aprobada por Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, no Concello da Laracha existirán zonas de estacionamento con limitación temporal, denominada Zona Azul,

co fin de garantir a debida rotación dos vehículos en lugares de especial dificultade para o estacionamento.

2.- O ámbito espacial de aplicación das limitacións que se conteñen nos artigos seguintes será o das seguintes vías:

1.- Av. Fisterra ambas marxes: dos números 43-45 ao número 115 e do número 12 ao número 62.

2.- Rúa Santa Lucia ambas marxes: do número 1 ata a intersección coa Rúa Plácido Pedreira Álvarez e do número 2 ata a Intersección coa Rúa Carballo.

3.- Rúa Santa Lucia marxe dereita: da Intersección coa Rúa Suíza ata a Intersección coa Rúa Eusebio Bertoa Queijo.

4.- Rúa Suíza ambas marxes ata a intersección coa rúa Epifanio Campo Núñez.

5.- Rúa Epifanio Campo Núñez ambas marxes: do número 18 ata a intersección coa Rúa Luís Martínez Vázquez e do número 17 ata a intersección coa Rúa Luís Martínez Vázquez.

#### **Artigo 41.- Estacionamentos prohibidos na Zona Azul. Vehículos exentos de limitación.**

1.- Non poderán estacionar na Zona Azul:

a) Os vehículos de P.M.A. superior a 3.500 Kg., salvo autorización expresa.

2.- Están exentos das limitacións de estacionamento de Zona Azul.

a) Aqueles vehículos que tiveran licenza municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública.

b) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

c) As ambulancias e vehículos dos servizos de urxencia, cando se atopen cumprindo tales servizos.

d) Os vehículo que dispoñan de cartón de aparcadoiro para persoas discapacitadas sinalados no artigo 34 da presente Ordenanza.

e) *Os vehículos do persoal do centro de saúde que teña a tarxeta emitida polo Concello da Laracha para estacionar na zona azul.*

Sendo o texto en cursiva o texto que hai que engadir a modificación da ordenanza.

E non existindo outros extremos que constatar, elevase o presente escrito para a superior autoridade da V.I., para efectos que estime oportunos”

Examinada o contido da mesma PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1º Aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria do Concello da Laracha nos seus artigos 35 e 41, quedando redactados estes como figura na proposta arriba descrita.

2º.- Conforme establece o artigo 49 da LBRL 7/1985, aprobada a modificación inicialmente polo Pleno desta Corporación, o procedemento a seguir é:

b) *Información pública y audiencia a los interesados por el plazo mínimo de treinta días para la presentación de reclamaciones y sugerencias.*

c) *Resolución de todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro del plazo y aprobación definitiva por el Pleno.*

*En el caso de que no se hubiera presentado ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional””*

Rematada a lectura sométese a votación o Ditame resultando aprobado por unanimidade sen intervencións

**5.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DETECTADO NO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2018 DE SESIÓN 23082018.**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2019 RELATIVO A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DETECTADO NO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2018 DE SESIÓN 23082018**

A Comisión Informativa de Facenda en sesión celebrada o día 22 de marzo de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía, que se copia:

“Visto o acordo de Pleno de data 23/08/2018 que na súa parte dispositiva sinala:

*PRIMERO. Aprobar inicialmente el expediente de modificación de créditos n.º1/2018 en la modalidad de Crédito Extraordinario y el expediente de modificación de créditos 2./2018 en la modalidad de Suplemento de Crédito, financiado con cargo al remanente líquido de Tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, de acuerdo con el siguiente resumen por capítulos:*

*Estado de gastos*

*Altas en aplicaciones de gastos*

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2018**

<b>OBRA</b>		<b>IMPORTE</b>
ACOMETIDA ELECTRICA EDIFICIO VIVEIRO	433/68200	3.578'56
ADAPTACIÓN ACERAS EN E.VILA FANOCAIÓN	1531/61900	18.916'16
RENOVACIÓN EN FAROLAS PRAZA CONCELLO	1531/61900	15.481'95
URBANIZACIÓN NA INSUA	1531/61900	258.185'92
CANALIZACIONES EN PARQUE EMPRESARIAL	161/61900	43.500'00
URBANIZACIÓN PARCELA SAUZ Z-12	1531/61900	28.982,04
SUMINISTRO SEÑALIZACIÓN EN VIVIENDAS	1531/62500	16.900'00
NOVO VIVEIRO 395.000 - 240.000	433/68200	155 .000'00
MOBILIARIO, MOBILIARIO URBANO, ILUMINACIÓN Y SEÑALIZACIÓN VIARIA	1531/62500	14.881.65

TOTAL		555.426,28
-------	--	------------

*CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018*

PAVIMENTACIÓN COLEXIOS	EN	320/61900	34.209,23
ABASTECIMIENTO GRAVIDO	A	161/61900	4.440'41
SANEAMIENTO A PEDRA		1622/61900	6.466'13
TRABALLOS EN ZONAS TRANSITO COLEXIOS		1532/61909	5.559'95
EQUIPOS INFORMÁTICOS		334/64100	11.700'00
CONEXIONES EN PISCINA MUNICIPAL		342/61900	11.500'00
TOTAL			73.875,72

*Siendo las Inversiones financieramente sostenibles todas*

*Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de Tesorería, en los siguientes términos:*

<i>Aplicación: económica</i>	<i>Descripción</i>	<i>Euros</i>
870.00	<i>Remanente Líquido de Tesorería</i>	629.302

*Además, queda acreditado el cumplimiento de los requisitos que establece el artículo 37.2, apartados a) y b), del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por el que se desarrolla el Capítulo I del Título VI de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, en materia de presupuestos, que son los siguientes:*

- a) El carácter específico y determinado del gasto a realizar y la imposibilidad de demorarlo a ejercicios posteriores.*
- b) La inexistencia en el estado de gastos del Presupuesto de crédito destinado a esa finalidad específica, que deberá verificarse en el nivel en que esté establecida la vinculación jurídica.*

*SEGUNDO. Exponer este expediente al público mediante anuncio inserto en el Boletín Oficial de la Provincia, por quince días, durante los cuales los interesados pondrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. El expediente se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas».*

*Visto o dispuesto na DA XVI do RDLex 2/2004 de 5 de marzo, na que se recollen os grupos de programas aos que se poden adicar as inversións financeiramente sostibles.*

*Tendo en conta que existe un erro no citado acordo por canto os grupos de programas 433, 433, 320, 334 aos que se imputaron as obras ACOMETIDA ELECTRICA EDIFICIO VIVEIRO, NOVO VIVEIRO,*

PAVIMENTACIÓN EN COLEXIOS, EQUIPOS INFORMÁTICOS non son os correctos, senón que deberían ser, dacordo co disposto na DA XVI do RDLex 2/2004 os 422, 422, 323, 333 respectivamente, polo que queda acreditado a existencia dun erro material ao que se refire o artigo 109.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro:

*2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*

Tendo en conta que as citadas obras cumpren os requisitos para ser consideradas inversións financeiramente sostibles como así quedou acreditado no seu día no expediente.

Propoño ao Pleno do concello da Laracha a dopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Correxir o erro material detectado e imputar as seguintes obras aos grupos de programas que se indican:

OBRA		IMPORTE
ACOMETIDA ELECTRICA EDIFICIO VIVEIRO	422/68200	3.578'56
NOVO VIVEIRO 395.000 - 240.000	422/68200	155 .000'00
PAVIMENTACIÓN EN COLEXIOS	323/61900	34.209,23
EQUIPOS INFORMÁTICOS	333/64100	11.700'00

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio no Bop aos efectos da súa información pública””.

Rematada a lectura sométese a votación o Ditame resultando aprobado por unanimidade sen intervencións

## **6.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DETECTADO NO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018 DE SESIÓN 16072018**

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2019 RELATIVO Á CORRECCIÓN DE ERRO EN ACORDO DE PLENO 16/07/2018**

A Comisión informativa de Facenda en sesión celebrada o día 22 de marzo de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Visto o acordo de Pleno de data 16/07/2018 que na súa parte dispositiva sinala:

Considerando la existencia de gastos que no pueden demorarse hasta el ejercicio siguiente, para los que no existe crédito en el vigente Presupuesto de la Corporación, y dado que se dispone de remanente líquido de Tesorería según los estados financieros y contables resultantes de la liquidación del ejercicio anterior.

Considerando que con fecha 09.07.2018 se emitieron memorias de alcaldía

Considerando que con fecha 09.07.2018 se emitió Informe de Evaluación del Cumplimiento de Evaluación del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria y con fecha 09.07.2018 por Intervención se informó la propuesta de Alcaldía.

Se propone al Pleno la adopción del siguiente

#### **ACUERDO**

**PRIMERO.** Aprobar inicialmente el expediente de modificación de créditos n.º1/2018 con la modalidad de Suplemento de Crédito, financiado con cargo al remanente líquido de Tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, de acuerdo con el siguiente resumen por capítulos:

#### **Estado de gastos**

<b>OBRA</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIONADO</b>	<b>APLICACIÓN PRESUPUESTARIA</b>
CENTRO COMUNITARIO" COSTA DA MORTE"	900.000,00	357.500,00	185.000,00	231/62200
BEIRRARÚAS 2º E 3º TRAVESÍA EUSEBIO BÉRTOA QUEIJO ( POS + 2018 COMPLEMENTARIO)	159.664,44	82.174,39	77.490,05	454/61902
EQUIPAMENTO ARQUIVO MUNICIPAL ( CONSELLERÍA DE CULTURA)	20.534,21	12.153,09	8.381,12	3321/62500
MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA	119.598,74	23.919,75	95.678,99	433/61900
SERVICIO SOPORTE Y APOYO A LA IMPLANTACIÓN DE TEDEC	17.490,40	17.490,40		920/22706
PASOS PEONIS E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE REFORZO LUMÍNICO AV FISTERRA E	84.150,64	25.245,19	58.905,45	231/61900



<b>BERGANTIÑOS ( CONSELL DE POLITICA SOCIAL)</b>				
ACCESIBILIDADE DA PÁXINA WEB DE TURISMO, COLOCACIÓN DE MESAS INTERACTIVAS E SINALIZACIÓN TURÍSTICA( AXENCIA DE TURISMO)	14.482,49	<b>5.068,87</b>	9.413,62	432/64100
MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE PARQUE INFANTIL PAIOSACO	43.727,27	<b>17.490,91</b>	26.236,36	170/61901
<b>TOTAL</b>		<b>541.042,6€</b>		

*Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de Tesorería, en los siguientes términos:*

#### **Estado de ingresos**

<b>Aplicación: económica</b>	<b>Descripción</b>	<b>Euros</b>
<b>870.00</b>	<b>Remanente Liquido de Tesorería</b>	<b>541.042,6</b>
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	

*Además, queda acreditado el cumplimiento de los requisitos que establece el artículo 37.2, apartados a) y b), del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por el que se desarrolla el Capítulo I del Título VI de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, en materia de presupuestos, que son los siguientes:*

*a) El carácter específico y determinado del gasto a realizar y la imposibilidad de demorarlo a ejercicios posteriores.*

*b) La inexistencia en el estado de gastos del Presupuesto de crédito destinado a esa finalidad específica, que deberá verificarse en el nivel en que esté establecida la vinculación jurídica.*

**SEGUNDO.** *Exponer este expediente al público mediante anuncio inserto en el Boletín Oficial de la Provincia, por quince días, durante los cuales los interesados pondrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. El expediente se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas».*

Visto o disposto na DA XVI do RDLex 2/2004 de 5 de marzo, na que se recollen os grupos de programas aos que se poden adicar as inversións financeiramente sostibles.

Tendo en conta que existe un erro no citado acordo por canto os grupos de programas 433, 170, aos que se imputaron as obras *MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA, MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE PARQUE INFANTIL PAIOSACO* non son os correctos, senón que deberían ser, dacordo co disposto na DA XVI do RDLex 2/2004 os 422, 171 respectivamente, polo que queda acreditado a existencia dun erro material ao que se refire o artigo 109.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro:

*2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*

Tendo en conta que as citadas obras cumpren os requisitos para ser consideradas inversións financeiramente sostibles como así quedou acreditado no seu día no expediente.

Propoño ao Pleno do concello da Laracha a dopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Correxir o erro material detectado e imputar as seguintes obras aos grupos de programas que se indican:

<b>OBRA</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN</b>	<b>APLICACIÓN PRESUPUESTARIA</b>
<i>MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA</i>	119.598,74	<b>23.919,75</b>	95.678,99	433/61900
<i>MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE PARQUE INFANTIL PAIOSACO</i>	43.727,27	<b>17.490,91</b>	26.236,36	170/61901

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio no Bop aos efectos da súa información pública””.

Rematada a lectura sométese a votación o Ditame resultando aprobado por unanimidade sen intervencións

## **7. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE REVISIÓN DE PREZOS EN CONTRATO COA EMPRESA VIAQUA SAU.**

Dase lectura ao Ditame da Comisión Informativa

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2019 RELATIVA Á REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO CON VIAQUA

A Comisión Informativa de Facenda en sesión celebrada o día 22 de marzo de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

“Visto o escrito presentado por D Luís Morón Soto en representación de VIAQUA SAU con nº rexistro 201999900000063 no que solicita *sean aprobadas las nuevas retribuciones y tarifas de conservación de*

acometidas y contadores para el año 2019, tarifas para a retribución do contratista, que consisten, trala aplicación do IPC do 1% (xaneiro 2018/xaneiro 2019):

	TARIFAS 2018	TARIFAS 2019
Agua	0,395761 €/m3	0,399719 €/m3
Alcantarillado	0,319020 €/m3	0,322210 €/m3
Depuración	0,319020 €/m3	0,322210 €/m3
Conservación acometidas	0,49 € + 21% i.v.a.	0,49 € + 21% i.v.a.
Conservación contadores	0,49 € + 21% i.v.a	0,49 € + 21% i.v.a

Visto o disposto no contrato do servizo de abastecemento de auga potable de Laracha, asinado en data 02/04/2001 (Pleno de 28/03/2001) na cláusula cuarta, onde se recolle que en substitución da fórmula paramétrica prevista na cláusula 2ª do prego de condicións económico-administrativas, o prezo do servizo revisarase anualmente “...con arreglo a la variación que haya experimentado el **ÍNDICE GENERAL DE PRECIOS AL CONSUMO** que publique el Instituto Nacional de Estadística, tomando como referencia para la primera revisión el día de la firma del contrato y para las sucesivas, de Enero a Enero de cada año.”

Visto o diposto no acordo de Pleno de 19 de xuño de 2015 (Bop nº 121 de 30 de xuño de 2015) relativo ao réxime de delegación de competencias e o informe de intervención.

Propoño ao Pleno do concello da Laracha a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as retribucións do contratista pola xestión dos servizos da auga potable, alcantarillado e depuración de augas residuais da Laracha para o exercizo 2019 seguintes:

	TARIFAS 2019
Agua	0,399719 €/m3
Alcantarillado	0,322210 €/m3
Depuración	0,322210 €/m3
Conservación acometidas	0,49 € + 21% i.v.a.
Conservación contadores	0,49 € + 21% i.v.a

Segundo.- Publicar o correspondente anuncio no Bop aos efectos da súa información pública””.

Rematada a lectura do Ditame, sométese a votación resultando aprobado por 15 votos a favor ( 12 PP +1 Grupo Mixto +2 BNG) e 1 abstención do Partido socialista

## **8.- MOCIONES DE URXENCIA**

Non se presenta ningunha moción de urxencia

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS**

O grupo municipal do BNG presenta dous rogos.

.- 1º rogo, presentado o día 18 de marzo de 2019 co nº 1211 de RE

Neste rogo o grupo municipal do BNG solicita “que o goberno municipal demande da Xunta de Galicia a adopción de medidas para dotar a estrada comarcal 552 de puntos nos que os peóns poidan cruzar con seguridade, tanto no traxecto entre A Laracha e Paiosaco como o que vai da Laracha ao Cancelo (Cabovilaño) con especial atención aos puntos onde se accede aos igrexarios de lestón e Cabovilaño e a zona da rotonda de acceso á autoestrada e o parque empresarial no Cancelo”.

Contéstalle o alcalde que fala de diversas actuacións e varias son en tramo interurbano. Que solicitouse á Xunta de Galicia a colocación de pasos peonís na súa estrada e non o autorizou por non cumprirse os requisitos.

.- 2º rogo, presentado o día 18 de marzo de 2019 co nº 1210 de RE

Neste rogo o grupo municipal do BNG solicita “a adopción das medidas oportunas para facer cumprir a ordenanza municipal e a lei de benestar animal no relativo ao paseo de animais de compañía, controlando no posíbel que os animais de compañía non vaian soltos e no caso dos cans grandes e de razas potencialmente perigosas que leven o correspondente bozal, ademais da correa”

Contéstalle o alcalde que foi un can que escapou da casa. Que esa familia ten os cans asegurados.

Di o alcalde que agora é obrigación dos concellos coller os cans soltos e alimentalos e telos durante toda a vida do can. Que iso é moito gasto. Pide o alcalde compromiso aos donos dos cans.

Dille o alcalde ao concelleiro nacionalista que no seu día seu grupo votou en contra da Ordenanza municipal e que garzas a ela agora poden tratarse estas situación. Contéstalle o concelleiros que non poe este asunto, pero sí por outros tal e como están recollidos na Ordenanza, volverían a votar en contra.

Sendo as 14:04 e non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión.